



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 23 DE FEBREIRO DO 2023.

Sesión 02/2023-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D^a María Nogareda Marzoa (non adscrita)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (non adscrita) D^a María José García Freire (non adscrita) D. José Luis Tellado Villares (non adscrito) D. José Luis García Pazos (non adscrito) D. Sergio García López (PP) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a Sara Arrojo Dueñas (BNG) D. Breogán Blanco González (non adscrito)</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTE</u></p> <p>D^a María Pardo Fafián (PSOE, con escusa)</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Pesas Beneyto</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 23 de febreiro do 2023, baixo a presidencia da sra. alcaldesa D^a María Nogareda Marzoa, asistida pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión a Presidenta, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de febreiro do 2023 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 18/2022 e 01/2023).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 18/2022, do 29 de decembro e 01/2023, do 26 de xaneiro; non habendo intervencións,



quedan aprobadas as ditas actas, ordenando a transcripción das ditas actas ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- DACIÓN DE CONTA DE NON ADSCRITOS.

Dáse conta pola presidenta, sra. Nogareda Marzoa, da nova situación de non adscritos por expulsión do seu partido trala tramitación dun expediente contradictorio dos seguintes catro dos ata o de agora cinco concelleiros do grupo municipal do partido popular: D^a María Soraya Salorio Porral, D^a María José García Freire, D. José Luis Tellado Villares e D. José Luis García Pazos.

Prodúcense intervencións da sra. Salorio Porral; da sra. Rodríguez Pena (BNG) e do sr. Portela Fernández (SM), con aclaracións por parte da secretaria e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa.

No transcurso da súa intervención a sra. Nogareda Marzoa manifesta de viva voz que tanto ela como o seu compañeiro de grupo, D. Breogán Blanco González, abandonan o partido e as siglas da alternativa dos veciños (e polo tanto o seu grupo municipal), asentindo o sr. Blanco González, declarándose os dous non adscritos.

3º.- REESTRUTURACIÓN NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, indica que como consecuencia da dación de conta do punto anterior cómpre introducir na orde do día por urxencia a dación de conta da reestruturación das comisións informativas permanentes (CIX, CIU e CECF).

Procédese á votación da urxencia deste asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (1 PSOE, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 8 (6 SM e 2 BNG).

Resultando aprobada a urxencia por maioría simple dos asistentes.

Dáse conta de que D^a María Soraya Salorio Porral, D^a María José García Freire, D. José Luis Tellado Villares e D. José Luis García Pazos, como ex-membros do grupo municipal do partido popular comunicaron hoxe o seu pase á condición de non adscritos e o nomeamento da representación de todos eles nas comisións: titular, D^a María José García Freire; suplente, D^a María Soraya Salorio Porral.

A sra. Nogareda Marzoa comunica tamén *in voce*, coa presenza de D. Breogán Blanco González, que ambos subscriben o dito na anterior comunicación, asumíndoa tamén para eles dous (como concelleiros non adscritos), polo que estarán así representados nas ditas comisións: titular, D^a María José García Freire; suplente, D^a María Soraya Salorio Porral.

Dáse conta tamén dunha comunicación de hoxe do concelleiro do grupo municipal do partido popular, D. Sergio García López, pola que indica que como consecuencia dos cambios acontecidos na composición do seu grupo pasa a ser o seu representante e quen participará en todas as comisións.

A continuación intervén o sr. García López (PP), abríndose un debate no que tamén participan a sra. Rodríguez Pena (BNG), o sr. Portela Fernández (SM), o sr. Blanco Montero (PSOE) e a presidenta, sra. Nogareda Marzoa.

4º.- RESTABLECEMENTO DO EQUILIBRIO ECONÓMICO POR PECHE DA PISCINA MUNICIPAL DURANTE O PERÍODO 14.01.2021-31.12.2021.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 16 de febreiro do 2023, que recolle:

«Primeiro.- Indemnizar ao concesionario HEBE SPORT S.L., co CIF B 15890809, por ruptura do equilibrio económico do contrato de concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipais, motivado polo peche das ditas instalacións debido a deficiencias



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000003

estruturais na cuberta non imputables ao contratista e para un primeiro período que vai do 14.01.21 ao 31.12.21, na cantidade de 90.690,24 € con cargo ao vixente orzamento municipal.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); do sr. García López (PP); da sra. Taibo Fernández (SM); da sra. García Freire (non adscritos) e da presidenta, sra. Nogareda Marzoa.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Indemnizar ao concesionario HEBE SPORT S.L., co CIF B 15890809, por ruptura do equilibrio económico do contrato de concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipais, motivado polo peche das ditas instalacións debido a deficiencias estruturais na cuberta non imputables ao contratista e para un primeiro período que vai do 14.01.21 ao 31.12.21, na cantidade de 90.690,24 € con cargo ao vixente orzamento municipal.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao interesado.

5º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 9, REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 16 de febreiro do 2023, que recolle:

«Primeiro.- Modificar a ordenanza reguladora da taxa por licenzas de apertura de establecemento en

- Denominación da ordenanza

- Modificación daqueles artigos nos que deba figurar comunicación previa e non licenza

- Eliminación daqueles apartados que deixan de estar en vigor debido os cambios na normativa de aplicación

dando nova redacción nos seguintes termos

Ordenanza fiscal número 9, reguladora da Taxa dos títulos habilitantes municipais por apertura de establecementos

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsábeis e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado R.D. legislativo.

Artigo 2.- Feito impoñible.

1. Está determinado polas actuacións municipais desenvolvidas con motivo da apertura de establecementos para verificación de que os mesmos reúnen as condicións requiridas polas Ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación con carácter previo no caso de concesión de licenzas e posterior á presentación nos casos de presentación de comunicacións previas e declaracións responsábeis.

2. A tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo ás súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que o titular sexa o mesmo.

c) Os traslados de locais.

d) Os traspasos, transmisións, cesións, trocos de forma societaria, unións e fusións de empresas e trocos de denominación social.

e) As reaperturas de establecementos.

3. Entenderase por establecemento, que requirirá a presentación dunha comunicación previa ou unha declaración responsable ou no seu caso, a obtención de licenza para a súa apertura:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



- a) Os locais dedicados ao exercicio habitual do comercio. Presumirase a mesma nos casos aos que se refire a lexislación mercantil e fiscal e, especificamente, cando a realización da actividade estea suxeita a tributación polo Imposto sobre actividades económicas.
- b) Os locais nos que se desenvolva unha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servizos, profesional ou artística.
- c) Toda edificación habitable cuxo destino principal non sexa a vivenda e que se dedique a:
- Casinos ou círculos dedicados ao esparexemento ou recreo dos seus compoñentes ou asociados. As distintas dependencias que, dentro dos locais do casino, sociedade ou círculo sexan destinados a explotacións económicas suxeitas a tributación polo Imposto sobre Actividades Económicas serán obxecto de apertura diferente á principal que se refire ao obxecto social de carácter non lucrativo.
 - Depósito ou almacén, aínda que se atope pechado ao público.
 - Actividades que, tendo ou non fin lucrativo, impliquen a presenza habitual de persoas no local.
 - Locais e recintos nos que se fagan espectáculos públicos.
 - Oficinas, despachos, bufetes, escritorios, consultorios ou estudos abertos ao público, onde se exerzan actividades artísticas, profesionais ou de ensino con fin lucrativo e suxeitas a tributación polo imposto sobre actividades económicas.
- d) Calquera outro establecemento que poida derivarse da Ordenanza municipal reguladora do exercicio de actividades ou servizos.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refiren o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou, no seu caso, que se desenvolva no establecemento.

Artigo 4.- Responsábeis.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.
2. Serán responsábeis subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais.

Non serán aplicábeis outros beneficios fiscais cos expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 6.- Base imponible, tarifas e cota tributaria

1. A cota tributaria será determinada de acordo coas seguintes normas:

- Licenzas para actividades: será a suma de dúas cantidades: unha fixa, de 360,61 euros e outra variable, equivalente ao 50 % do IAE, excluíranse as recargas.
- Comunicacions previas . Será a suma de dúas cantidades: unha fixa de 120,20 euros e outra variable, equivalente ao 50 % da cota do IAE, exclúense as recargas.
- Declaración responsables. Será a suma de dúas cantidades: unha fixa de 120,20 euros e outra variable, equivalente ao 50 % da cota do IAE, exclúense as recargas.
- Tramitación de expedientes de autorización para instalar depósitos de GLP: 450,76 euros
- Tramitación de expedientes por cambio de titularidade: 90,15 euros.

2. Na cota tributaria esixírase por unidade de local.

3. Nos casos de variar ou de ampliar a actividade que hai que desenvolver no establecemento suxeito, da cota que resulte por aplicación dos apartados anteriores a este artigo, deducirase o retribuído por este concepto tributario con ocasión da primeira apertura e de posteriores variacións ou ampliacións da actividade, así como de ampliar o local. A cantidade que hai que ingresar será a diferenza que resulta.

Artigo 7.- Devengo.

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír desde que se inicia a prestación do servizo.

A estes efectos, entenderase iniciada a actividade municipal ou prestación do servizo na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de apertura ou da realización da comunicación previa ou declaración responsábel.

Artigo 8.- Liquidación e ingreso.

1. A taxa esixírase en réxime de autoliquidación, debendo acreditarse o ingreso correspondente no momento da presentación da comunicación previa, declaración responsable ou a solicitude de licenza.
2. Unha vez adoptada a resolución que proceda e/ou, realizadas pola Administración as comprobacións oportunas, practicarase a liquidación definitiva que se lle notificará o interesado reclamando ou devolvendo a cantidade que proceda



3. Os pagamentos derivados dos anuncios que deban realizarse por mor da tramitación dos expedientes, en calquera dos boletíns ou diarios oficiais serán por conta do solicitante, non entendéndose incluídos no feito impositivo do presente tributo.

Artigo 9.- Renuncia e caducidade.

1.- Antes de que sexa ditado o acto administrativo sobre concesión da licenza, ou no seu caso, dentro dos tres meses seguintes á presentación da comunicación previa ou declaración responsábel, os interesados poderán desistir expresamente das solicitudes. Dito desistimento xerará a devolución do 90% das taxas abonadas, sempre que se realizara no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude de licenza de apertura ou dentro dos tres meses seguintes á presentación da comunicación previa ou declaración responsábel e a actividade non se tivera exercido.

2.- A caducidade, como un dos xeitos de rematar o procedemento administrativo e tramitada de oficio, non xerará dereitos económicos a favor dos contribuíntes.

Artigo 10.- Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); do sr. García López (PP) e da sra. Taibo Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Modificar a ordenanza reguladora da taxa por licenzas de apertura de establecemento en

- Denominación da ordenanza
- Modificación daqueles artigos nos que deba figurar comunicación previa e non licenza
- Eliminación daqueles apartados que deixan de estar en vigor debido os cambios na normativa de aplicación dando nova redacción nos seguintes termos

Ordenanza fiscal número 9, reguladora da Taxa dos títulos habilitantes municipais por apertura de establecementos

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a Taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsábeis e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao disposto no artigo 57 do citado R.D. legislativo.

Artigo 2.- Feito impositivo.

1. Está determinado polas actuacións municipais desenvolvidas con motivo da apertura de establecementos para verificación de que os mesmos reúnen as condicións requiridas polas Ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación con carácter previo no caso de concesión de licenzas e posterior á presentación nos casos de presentación de comunicacións previas e declaracións responsábeis.

2. A tal efecto, terá a consideración de apertura:

- a) A instalación por primeira vez do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
- b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que o titular sexa o mesmo.



c) Os traslados de locais.

d) Os traspasos, transmisións, cesións, trocos de forma societaria, unións e fusións de empresas e trocos de denominación social.

e) As reaperturas de establecementos.

3. Entenderase por establecemento, que requirirá a presentación dunha comunicación previa ou unha declaración responsable ou no seu caso, a obtención de licenza para a súa apertura:

a) Os locais dedicados ao exercicio habitual do comercio. Presumirase a mesma nos casos aos que se refire a lexislación mercantil e fiscal e, especificamente, cando a realización da actividade estea suxeita a tributación polo Imposto sobre actividades económicas.

b) Os locais nos que se desenvolva unha actividade económica de carácter comercial, industrial, de servizos, profesional ou artística.

c) Toda edificación habitable cuxo destino principal non sexa a vivenda e que se dedique a:

- Casinos ou círculos dedicados ao esparexemento ou recreo dos seus compoñentes ou asociados. As distintas dependencias que, dentro dos locais do casino, sociedade ou círculo sexan destinados a explotacións económicas suxeitas a tributación polo Imposto sobre Actividades Económicas serán obxecto de apertura diferente á principal que se refire ao obxecto social de carácter non lucrativo.

- Depósito ou almacén, aínda que se atope pechado ao público.

- Actividades que, tendo ou non fin lucrativo, impliquen a presenza habitual de persoas no local.

- Locais e recintos nos que se fagan espectáculos públicos.

- Oficinas, despachos, bufetes, escritorios, consultorios ou estudos abertos ao público, onde se exerzan actividades artísticas, profesionais ou de ensino con fin lucrativo e suxeitas a tributación polo imposto sobre actividades económicas.

d) Calquera outro establecemento que poida derivarse da Ordenanza municipal reguladora do exercicio de actividades ou servizos.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refiren o artigo 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou, no seu caso, que se desenvolva no establecemento.

Artigo 4.- Responsábeis.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2. Serán responsábeis subsidiarios os Administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5.- Beneficios fiscais.

Non serán aplicábeis outros beneficios fiscais cos expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 6.- Base imponible, tarifas e cota tributaria

1. A cota tributaria será determinada de acordo coas seguintes normas:

- Licenzas para actividades: será a suma de dúas cantidades: unha fixa, de 360,61 euros e outra variable, equivalente ao 50 % do IAE, excluíranse as recargas.

- Comunicacións previas . Será a suma de dúas cantidades: unha fixa de 120,20 euros e outra variable, equivalente ao 50 % da cota do IAE, exclúense as recargas.



-Declaración responsables. Será a suma de dúas cantidades: unha fixa de 120,20 euros e outra variable, equivalente ao 50 % da cota do IAE, exclúense as recargas.

-Tramitación de expedientes de autorización para instalar depósitos de GLP: 450,76 euros

- Tramitación de expedientes por cambio de titularidade: 90,15 euros.

2. Na cota tributaria esixírase por unidade de local.

3. Nos casos de variar ou de ampliar a actividade que hai que desenvolver no establecemento suxeito, da cota que resulte por aplicación dos apartados anteriores a este artigo, deducírase o retribuído por este concepto tributario con ocasión da primeira apertura e de posteriores variacións ou ampliacións da actividade, así como de ampliar o local. A cantidade que hai que ingresar será a diferenza que resulta.

Artigo 7.- Devengo.

Devengase a taxa e nace a obriga de contribuír desde que se inicia a prestación do servizo.

A estes efectos, entenderase iniciada a actividade municipal ou prestación do servizo na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de apertura ou da realización da comunicación previa ou declaración responsable.

Artigo 8.- Liquidación e ingreso.

1. A taxa esixírase en réxime de autoliquidación, debendo acreditarse o ingreso correspondente no momento da presentación da comunicación previa, declaración responsable ou a solicitude de licencia.

2. Unha vez adoptada a resolución que proceda e/ou, realizadas pola Administración as comprobacións oportunas, practicarase a liquidación definitiva que se lle notificará o interesado reclamando ou devolvendo a cantidade que proceda

3. Os pagamentos derivados dos anuncios que deban realizarse por mor da tramitación dos expedientes, en calquera dos boletíns ou diarios oficiais serán por conta do solicitante, non entendéndose incluídos no feito impositivo do presente tributo.

Artigo 9.- Renuncia e caducidade.

1.- Antes de que sexa ditado o acto administrativo sobre concesión da licenza, ou no seu caso, dentro dos tres meses seguintes á presentación da comunicación previa ou declaración responsable, os interesados poderán desistir expresamente das solicitudes. Dito desistimento xerará a devolución do 90% das taxas abonadas, sempre que se realizara no prazo de tres meses desde a presentación da solicitude de licenza de apertura ou dentro dos tres meses seguintes á presentación da comunicación previa ou declaración responsable e a actividade non se tivera exercido.

2.- A caducidade, como un dos xeitos de rematar o procedemento administrativo e tramitada de oficio, non xerará dereitos económicos a favor dos contribuíntes.

Artigo 10. -Infraccións e sancións tributarias.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.

6º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 8, REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS URBANÍSTICAS.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 16 de febreiro do 2023, que recolle:

«**Primeiro.-** Modificar a ordenanza reguladora da taxa por licenzas urbanísticas en



- Denominación da ordenanza

- Modificar os artigos nos que figure licencia de primeira ocupación, que será comunicación previa de primeira ocupación

- O cambio nos artigos que fagan mención tanto a licencias, coma comunicacións previas, coma declaracións responsable, que figurará como título habilitante

- Eliminación daqueles apartados que deixan de estar en vigor debido os cambios na normativa de aplicación

dando nova redacción nos seguintes termos

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 8 REGULADORA DA TAXA POR TÍTULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANÍSTICA

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 20.4.h) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por títulos habilitantes de natureza urbanística, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como a súa normativa de desenvolvemento, e que teñan que realizarse no término municipal, se axustan ao planeamento e lexislación urbanísticas e, no suposto de comunicacións previas de primeira ocupación, se a edificación pode destinarse ao uso pretendido, se se axusta ao proxecto técnico presentado e se cumpriron as condicións deste e os deberes urbanísticos a ela vencellados.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria:

a) Solicitantes do título habilitante

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte, os construtores e contratistas das obras, por imperativo expreso do artigo 23.2 b) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), que virán obrigados ao pagamento da Taxa e con eles entenderanse as actuacións municipais relativas á xestión e cobro do tributo.

Artigo 4º.- Responsables.

Serán responsables solidarios cos suxeitos pasivos os propietarios ou posuidores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións, instalacións ou obras.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota de tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

Artigo 6º.- Tarifa.

1.- A contía da taxa, polos títulos habilitantes de natureza urbanística será o resultado de aplicar ao Orzamento de Execución Material ou, no seu caso, orzamento-memoria detallado, a tarifa sinalada:

CONCEPTO	TARIFA (%)
Obras de nova planta, ampliación, reconstrución ou mellora:	
Vivendas unifamiliares	0,5
Vivendas plurifamiliares	1,00
Naves, locais e outras instalacións:	
- ≤ 200 m2 de superficie construída	0,50
- > 200 m2 de superficie construída	1,00
Comunicacións previas de primeira ocupación	
Vivendas unifamiliares	0,5



Vivendas plurifamiliares	1,00
Naves, locais e outras instalacións:	
- ≤ 200 m2 de superficie construída	0,50
- > 200 m2 de superficie construída	1,00
Demolición de construcións e movemento de terras:	1,00
Outras obras non descritas en apartados anteriores:	1

2.- A contía da taxa para os cambios de titularidade de licenzas é de 60 €.

3.- A contía da taxa por carteis visibles desde a vía pública é de 15,00 €/m2.

Artigo 7º.- Exencións.

No suposto de obras de rehabilitación interior de vivendas ou de reforma de locais con destino a actividades industriais ou comerciais gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que acrediten no momento da solicitude estar en situación legal de desemprego e non teñan ingresos anuais computables superiores ao IPREM vixente en cada momento e referido a toda a unidade familiar.

Artigo 8º.- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para os efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación no Rexistro da oportuna solicitude da licenza urbanística ou a comunicación previa ou a declaración responsable.

Artigo 9º.- Solicitude.

1. As persoas interesadas na obtención do título habilitante de natureza urbanística presentarán, previamente, no rexistro xeral coa oportuna solicitude o coa comunicación previa, achegando proxecto técnico visado polo Colexio Oficial respectivo, ou, no suposto de que a natureza do feito imponible non requira ou esixa proxecto técnico, achegarase un orzamento-memoria detallado das obras a realizar. Tamén deberán aportar o resto da documentación necesaria exixida pola normativa correspondente (autorizacións sectoriais, nomeamentos de dirección de obra, etc).

2. Se despois de formulada a solicitude de licenza o a comunicación previa, se modifícase ou ampliase o proxecto inicial deberá poñerse en coñecemento da Administración Municipal, achegando o novo orzamento ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación..

Artigo 10º.- Réxime de ingreso.

1.- De acordo previsto no artigo 27 do Real Decreto legislativo 2/2004, establécese o réxime de autoliquidación da taxa, segundo o modelo establecido polo Concello. Para os efectos, o solicitante presentará, de xeito simultáneo á solicitude da licenza, xustificante de ter ingresado a cota tributaria correspondente.

2.- As autoliquidacións, unha vez comprobadas, terán natureza de liquidación provisional

Unha vez rematadas as obras, e previa comprobación dos servizos municipais, practicarase a liquidación definitiva e, de ser o caso, conxuntamente coa comunicación previa de primeira ocupación.

Artigo 11º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); do sr. García López (PP); da sra. Taibo Fernández (SM) e da sra. García Freire (non adscritos).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:



Primeiro.- Modificar a ordenanza reguladora da taxa por licenzas urbanísticas en

- Denominación da ordenanza
- Modificar os artigos nos que figure licenzas de primeira ocupación, que será comunicación previa de primeira ocupación
- O cambio nos artigos que fagan mención tanto a licenzas, coma comunicacións previas, coma declaracións responsable, que figurará como título habilitante
- Eliminación daqueles apartados que deixan de estar en vigor debido os cambios na normativa de aplicación dando nova redacción nos seguintes termos

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 8 REGULADORA DA TAXA POR TÍTULOS HABILITANTES DE NATUREZA URBANÍSTICA

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 20.4.h) do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por títulos habilitantes de natureza urbanística, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa tendente a verificar se os actos de edificación e uso do solo a que se refire o artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, así como a súa normativa de desenvolvemento, e que teñan que realizarse no término municipal, se axustan ao planeamento e lexislación urbanísticas e, no suposto de comunicacións previas de primeira ocupación, se a edificación pode destinarse ao uso pretendido, se se axusta ao proxecto técnico presentado e se cumpriron as condicións deste e os deberes urbanísticos a ela vencellados.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria:

a) Solicitantes do título habilitante

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte, os construtores e contratistas das obras, por imperativo expreso do artigo 23.2 b) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), que virán obrigados o pagamento da Taxa e con eles entenderanse as actuacións municipais relativas á xestión e cobro do tributo.

Artigo 4º.- Responsables.

Serán responsables solidarios cos suxeitos pasivos os propietarios ou posuidores, ou, no seu caso, arrendatarios dos inmobles nos que se realicen as construcións, instalacións ou obras.

Artigo 5º.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do expediente a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.

2. A cota de tarifa corresponde á tramitación completa do expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.

Artigo 6º.- Tarifa.



1.- A contía da taxa, polos títulos habilitantes de natureza urbanística será o resultado de aplicar ao Orzamento de Execución Material ou, no seu caso, orzamento-memoria detallado, a tarifa sinalada:

CONCEPTO	TARIFA (%)
<i>Obras de nova planta, ampliación, reconstrución ou mellora:</i>	
Vivendas unifamiliares	0,5
Vivendas plurifamiliares	1,00
<i>Naves, locais e outras instalacións:</i>	
- ≤ 200 m2 de superficie construída	0,50
- > 200 m2 de superficie construída	1,00
<i>Comunicacións previas de primeira ocupación</i>	
Vivendas unifamiliares	0,5
Vivendas plurifamiliares	1,00
<i>Naves, locais e outras instalacións:</i>	
- ≤ 200 m2 de superficie construída	0,50
- > 200 m2 de superficie construída	1,00
Demolición de construcións e movemento de terras:	1,00
Outras obras non descritas en apartados anteriores:	1

2.- A contía da taxa para os cambios de titularidade de licenzas é de 60 €.

3.- A contía da taxa por carteis visibles desde a vía pública é de 15,00 €/m2.

Artigo 7º.- Exencións.

No suposto de obras de rehabilitación interior de vivendas ou de reforma de locais con destino a actividades industriais ou comerciais gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que acrediten no momento da solicitude estar en situación legal de desemprego e non teñan ingresos anuais computables superiores ao IPREM vixente en cada momento e referido a toda a unidade familiar.

Artigo 8º.- Devengo.



1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible. Para os efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación no Rexistro da oportuna solicitude da licenza urbanística ou a comunicación previa ou a declaración responsable.

Artigo 9º.- Solicitude.

1. As persoas interesadas na obtención do título habilitante de natureza urbanística presentarán, previamente, no rexistro xeral coa oportuna solicitude o coa comunicación previa, achegando proxecto técnico visado polo Colexio Oficial respectivo, ou, no suposto de que a natureza do feito imponible non requira ou esixa proxecto técnico, achegarase un orzamento-memoria detallado das obras a realizar. Tamén deberán aportar o resto da documentación necesaria exixida pola normativa correspondente (autorizacións sectoriais, nomeamentos de dirección de obra, etc).

2. Se despois de formulada a solicitude de licenza o a comunicación previa, se modificase ou ampliase o proxecto inicial deberá poñerse en coñecemento da Administración Municipal, achegando o novo orzamento ou o reformado e, no seu caso, planos e memorias da modificación ou ampliación..

Artigo 10º.- Réxime de ingreso.

1.- De acordo previsto no artigo 27 do Real Decreto legislativo 2/2004, establécese o réxime de autoliquidación da taxa, segundo o modelo establecido polo Concello. Para os efectos, o solicitante presentará, de xeito simultáneo á solicitude da licenza, xustificante de ter ingresado a cota tributaria correspondente.

2.- As autoliquidacións, unha vez comprobadas, terán natureza de liquidación provisional

Unha vez rematadas as obras, e previa comprobación dos servizos municipais, practicarase a liquidación definitiva e, de ser o caso, conxuntamente coa comunicación previa de primeira ocupación.

Artigo 11º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e a súa normativa de desenvolvemento.

Segundo.- Someter a trámite de información pública e audiencia dos interesados, por prazo de 30 días dende a publicación de extracto do acordo no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, para a presentación de reclamacións e suxestións, entendéndose aprobada definitivamente a modificación se non se produciran.

7º.- POS+2021: INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MONDEGO, MÓDULO CUBERTO FASE I (ACHEGA 2020).

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, xustifica a urxencia para tratar deste asunto comunicado na comisión informativa pero non incluído na orde do día porque faltaba un informe de intervención e que agora xa se pode levar a cabo.

Procédese á votación da urxencia deste asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

Consta no expediente a proposición da alcaldía do 17 de febreiro do 2023, que recolle:

«PROPOSTA DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PROXECTO ACTUALIZADO INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

(PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

“POS+ 2021”



D. MARIA NOGAREDA MARZOA
Alcaldesa do Concello de SADA

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo.

1.- Aprobar o proxecto modificado asinado en data 2022-12-16 da obra de Fase I Módulo cuberto 1ª fase de Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego, incluído no POS+2021, unha vez corrixidas as deficiencias do documento que fora aprobado polo Pleno en sesión de 2022-09-29 debido único e exclusivamente á actualización de prezos do custe do mesmo, que supón un incremento de 109.995,27 € que se financia con recursos propios, redactado polo Arquitecto D. Manuel Tella e unha vez supervisado polos servizos técnicos da Excm. Deputación, e co seguinte desglose con cargo ao POS+2021:

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Fase I Módulo cuberto 1ª fase de Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego	374.592,70	459.194,77	833.787,47
Subtotal investimentos achega provincial 2020	374.592,70	459.194,77	833.787,47

2.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base».

Debátese o asunto, coas intervencións da sra. Rodríguez Pena (BNG); do sr. García López (PP), quen anuncia a abstención do seu grupo; do sr. Portela Fernández (SM); da presidenta, sra. Nogareda Marzoa; da sra. García Freire (non adscritos), quen anuncia que se han abster, mais en referencia aos non adscritos que o foran do grupo municipal do PP.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 11 (6 SM, 1 PSOE 2 BNG e 2 non adscritos -antes da AV-).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: 5 (1 PP, 4 non adscritos -antes do PP-).

Resultando aprobado por maioría absoluta dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

1.- Aprobar o proxecto modificado asinado en data 2022-12-16 da obra de Fase I Módulo cuberto 1ª fase de Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego, incluído no POS+2021, unha vez corrixidas as deficiencias do documento que fora aprobado polo Pleno en sesión de 2022-09-29 debido único e exclusivamente á actualización de prezos do custe do mesmo, que supón un incremento de 109.995,27 € que se financia con recursos propios, redactado polo Arquitecto D. Manuel Tella e unha vez supervisado polos servizos técnicos da Excm. Deputación, e co seguinte desglose con cargo ao POS+2021:

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Fase I Módulo cuberto 1ª fase de Instalacións deportivas no lugar de Quintán, Mondego	374.592,70	459.194,77	833.787,47
Subtotal investimentos achega provincial 2020	374.592,70	459.194,77	833.787,47

2.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base.

8º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.



A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 23 de xaneiro do 2023 (núm. 126) ata o 14 de febreiro do 2023 (núm. 298).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 23 de xaneiro (núm. 126, do expediente 2022/G003/000115) ata o 14 de febreiro do 2023 (núm. 298, do expediente 2023/G003/000298), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

A alcaldesa dá conta tamén das vicisitudes da tramitación do módulo a que se refire o punto anterior, efectuando unha análise comparativa coas eivas que atopou noutras obras, que cuantifica nun 20%.

O concelleiro delegado de Cultura, Comercio e Turismo, sr. Tellado Villares, dá lectura a un escrito co gallo do Día de Rosalía de Castro deste ano.

B. Mocións.

1ª.- Moción do BNG sobre o impulso de medidas encamiñadas a blindar, garantir e defender os dereitos das mulleres así como promover a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.

A sra. Rodríguez Pena xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

A continuación, a sra. Rodríguez Pena dá lectura á moción:

«Moción do BNG sobre o impulso de medidas encamiñadas a blindar, garantir e defender os dereitos das mulleres así como promover a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza

Laura Rodríguez, concelleiro/a do Grupo Municipal do BNG do Concello de Sada presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

O 8 de marzo é, desde hai máis de cen anos, unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres. Máis aínda, nos últimos anos, a forza do feminismo galego conseguiu desenvolver mobilizacións absolutamente históricas nas que o noso país amosou o seu compromiso coa construción dunha sociedade máis xusta.

Avanzamos grazas ao inconformismo e á convicción de milleiros de mulleres e de asociacións e grupos de mulleres que contribuíron a facer do feminismo un movemento cada vez máis hexemónico e que defenderon co seu esforzo e mesmo coas súas vidas a conquista de novos dereitos. Mais sabemos tamén que o mundo vive un momento de profundas transformacións sociais e económicas e que historicamente cada crise foi aproveitada polo patriarcado para se fortalecer.

Hoxe en día, malia os avances que temos conquistado, estamos a ver como os dereitos tamén se poden perder. O cuestionamento da existencia da violencia machista cando estamos a ser asasinadas ou violadas, o cuestionamento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos ou o intento de normalizar que sexan os nosos lombos os que soportan a degradación dos servizos públicos son perigos vixentes.

Neste senso, malia os dereitos conquistados nas últimas décadas –grazas á loita feminista– é preciso seguir impulsado medidas encamiñadas a garantir o cumprimento dos dereitos e obrigar recoñecidos a día de hoxe na lexislación vixente; impulsar novas políticas e seguir a traballar de maneira transversal en todos os ámbitos para conquistar novos dereitos e impedir calquera retroceso nos xa recoñecidos.

A desigualdade entre mulleres e homes é problema estrutural que esixe unha resposta social forte. Por iso, é necesario neste 8 de marzo recoñecer os dereitos conquistados, recoñecer a fortaleza do feminismo galego e apoiar as súas mobilizacións publicamente. Así mesmo, esta situación esixe tamén medidas concretas e específicas, deseñadas con perspectiva de xénero.

Para o Concello de Sada promover a igualdade entre homes e mulleres debe fomentar a mudanza de valores, rachando co modelo actual de socialización sexista, promovendo novas formas de ser mulleres e homes e avanzando nun modelo de relacións simétricas.



Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. A Corporación do Concello de Sada mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.
2. A Corporación Municipal do Concello de Sada insta á Xunta de Galiza a:
 - 2.1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.
 - 2.2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.
 - 2.3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero
 - 2.4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.
 - 2.5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social».

Debátese a moción, coas intervencións do sr. Blanco Montero (PSOE); do sr. García López (PP); da sra. Rúa Prieto (SM) e da sra. Salorio Porral (non adscritos).

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO:**

1. A Corporación do Concello de Sada mostra o seu apoio ás distintas mobilizacións convocadas polo feminismo galego o 8 de marzo en defensa dos dereitos das mulleres e o seu compromiso por promover a igualdade real entre mulleres e homes.
2. A Corporación Municipal do Concello de Sada insta á Xunta de Galiza a:
 - 2.1. Creación do Instituto Galego das Mulleres como organismo público encargado de deseñar, impulsar, asesorar e avaliar as políticas de igualdade e promover a sensibilización da sociedade co obxectivo de conseguir a igualdade real entre mulleres e homes en Galiza.
 - 2.2. Creación da Unidade de saúde integral das mulleres, que planifique, coordine e impulse unha estratexia de atención integral na que se establezan liñas prioritarias de investigación en saúde da muller que permita avanzar no coñecemento das doenzas que afectan ás mulleres, revisar os patróns de síntomas e seguir a evolución das enfermidades. Así mesmo, atenderá a incorporación do enfoque de xénero en todo o proceso de formación e garantirá a abordaxe de xénero na atención sanitaria.
 - 2.3. Creación da Valedoría das Mulleres con capacidade para sancionar administrativamente ás empresas que cometan accións de discriminación salarial ou profesional por cuestións de xénero
 - 2.4. Estender o protocolo do Partido Xudicial de Santiago de Compostela encamiñado a impedir a re-vitimización das mulleres vítimas de violencia sexual durante o proceso xudicial.
 - 2.5. Elaborar un Plan de extensión dos servizos públicos en materia de coidados incrementando o número de prazas públicas de escolas infantís, centros de día e de discapacidade co obxectivo de garantir a co-responsabilidade social.



2ª.- Moción en defensa de melloras no bus metropolitano na Coruña.

A sra. Arrojo xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal do BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

A continuación, a sra. Rodríguez Pena (BNG) dá lectura á moción:

«MOCIÓN EN DEFENSA DE MELLORAS NO BUS METROPOLITANO NA CORUÑA

Laura Rodríguez, concelleiro/a do Grupo Municipal do BNG do Concello de Sada presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Logo dun ano da súa entrada en vigor, o denominado pola propia Xunta de Galiza como “novo mapa do transporte urbano”, nacido ao abeiro das novas concesións licitadas polo executivo autonómico, presenta unha serie de eivas que, previsíbeis sobre o papel, a súa posta en marcha constatou evidentes.

Así, o malestar social xerado polas consecuencias da deficiente planificación autonómica do transporte colectivo por estrada, motivou unha forte contestación na comarca veciña de Ferrolterra, que reclamando, entre outras cousas, máis frecuencias que a conectaran coa Coruña e a súa contorna, obrigou á Xunta a se sentar cos concellos da zona e corcoser tombas no flamante traxe para o transporte público estreado hai un ano.

Na contorna coruñesa, en maior ou menor grao, repítense, día si e día tamén, unha serie de problemas na práctica totalidade de municipios que, lonxe de ser puntuais, revélanse como crónicos e de imposible solución nos marcos concesionarios que actualmente delimitan a prestación deste servizo público.

O principal problema a día hoxe radica en que nos núcleos urbanos da área metropolitana máis poboados, en horas punta de comezo da xornada laboral, hai buses que literalmente non collen viaxeiros en determinadas paradas porque van cheos. É dicir, na práctica e de xeito recorrente incúmrese por sistema a prestación acordada entre a Xunta de Galiza e a empresa concesionaria. Ocasiónase así un perxuízo ás persoas usuarias deste servizo, maioritariamente traballadores e traballadoras, rapazada estudante ou persoas potencialmente máis vulnerábeis que fan uso destes servizos para asistir a centros de atención sanitaria. Alíás disto, as liñas que pasan pola nosa localidade, nomeadamente a B8, B6 e D7, acumúlan decenas de queixas por retrasos e impuntualidades con respecto a un horario xa de por si escaso, con pouca frecuencia e limitado a unhas franxas horarias que non se adaptan ás xornadas laborais de tarde ou ao alumnado de formacións en réxime nocturno nen son compatibles co ocio do fin de semana.

Parece claro que o que no seu día se nos vendeu coma unha “grande revolución” nas rutas de autobuses supramunicipais, foi máis unha operación que buscaba a concentración empresarial facilitando a entrada no “negocio” de grandes empresas transnacionais en detrimento das sociedades galegas ao tempo que se primaba a merma dos custes de explotación sobre a compoñente social, de igualdade e cohesión territorial, do transporte público.

Só así se entende unha resposta tan sumamente parcial, raquítica e, polo tanto, insuficiente, a demandas sociais tan contrastadas e necesarias como a mellora da conectividade co centro da cidade, os servizos aos centros de ensino e de saúde, as liñas aos polígonos industriais e grandes centros de traballo ou a conectividade intracomarcal en rede, sen pasar pola cidade.

Xunto á vixencia dunha implementación plena e ambiciosa das demandas citadas, resulta evidente que fica pendente, unha mellora das frecuencias, un redeseño de liñas que tendan ao seu alongamento tanto supramunicipal como parroquial dentro do propio concello, unha dignificación do servizo modernizando e mellorando a limpeza do conxunto da súa infraestrutura, unha mellora integral da accesibilidade ao mesmo e un sistema de información claro, áxil e moderno á hora de empregar o transporte colectivo por estrada metropolitano.

É por todo isto que trasladamos ao pleno municipal a seguinte proposta de ACORDO

1.- O Concello de Sada demanda da Xunta de Galiza a convocatoria dunha xuntanza onde estexan presentes as administracións públicas e os axentes sociais para concretar melloras no actual “mapa de transporte” e nas condicións de explotación das liñas que nel se contemplan».

Debátese a moción, coas intervencións do sr. Blanco Montero (PSOE); do sr. García López (PP); da sra. Mouriño Neira (SM) e da sra. Salorio Porral (non adscritos).

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:



- Votos a favor: 16 (6 SM, 1 PSOE, 2 BNG, 1 PP e 6 non adscritos).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Único.- O Concello de Sada demanda da Xunta de Galiza a convocatoria dunha xuntanza onde estean presentes as administracións públicas e os axentes sociais para concretar melloras no actual “mapa de transporte” e nas condicións de explotación das liñas que nel se contemplan.

C. Rogos e preguntas.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Con relación á organización do *outlet* da feira Sada Comercio, pola aplicación ou non da taxa da ordenanza fiscal núm. 16 e de ser o caso como se xustificou o poder obvia.

2ª.- Se se vai organizar algún acto co gallo do Día de Rosalía de Castro, nada nun 23 de febreiro, ademais da lectura que se efectuou nesta sesión.

O sr. Tellado Villares, concelleiro delegado de Cultura, Comercio e Turismo, responde que se lle contestará por escrito.

O sr. Fariña Andrade (SM) formula tres preguntas:

1ª.- Pregunta á sra. Nogareda Marzoa pola emisión dun informe con relación á depuradora de Sada.

A presidenta, sra. Nogareda Marzoa, responde que se lle contestará por escrito.

2ª.- Pregunta ao sr. García Pazos polo sentido dun escrito que presentou este no rexistro xeral municipal o pasado día 22 de xaneiro no que solicitaba *axilidade e cooperación entre distintas áreas e distintos compañeiros do concello para evitar os protocolos que atrasan as xestións dun modo innecesario*.

O sr. García Pazos responde que se lle contestará por escrito. A sra. Nogareda Marzoa fai unhas aclaracións para os efectos.

3ª.- Pregunta á sra. Nogareda Marzoa se podería enumerar os asuntos nos que fundamentaron a moción de censura que están a día de hoxe, máis de tres meses despois, solucionados.

Contesta a sra. Nogareda Marzoa, quen debate cos señores Fariña Andrade e Portela Fernández.

O sr. Fariña Andrade (SM) tamén roga que se proceda á adxudicación o máis axiña posible dunha serie de traballos que relaciona para que non se atrase máis a súa realización.

Contesta a sra. Nogareda Marzoa. Intervén tamén o sr. Portela Fernández.

A sra. Rúa Prieto (SM), contextualizando con respecto do feito co gallo do Día de Rosalía de Castro, roga aos membros do goberno local que respecten e dignifiquen tanto o idioma galego como as figuras que o defenderon e o engrandeceron.

A sra. Mouriño Neira (SM) pregunta ao concelleiro delegado de Deporte pola apertura da piscina, polo que di que xa se interesara na sesión plenaria ordinaria do mes de decembro pasado, por se pode informar do estado da obra, da concesión ou do prego, que se dixera que estaba ultimado, e de se hai unha nova data prevista para a apertura, así como se ten que ver co atraso un requirimento rexistrado da Inspección de Traballo.

Contesta o sr. Blanco González, concelleiro delegado de Deporte, Voluntariado e Cohesión Social.

A sra. Mouriño Neira (SM) logo de dicir que entende a súa vehemencia rógalle non obstante á sra. Nogareda Marzoa que non trate á oposición con tanto despotismo.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000003

Contesta a presidenta, sra. Nogareda Marzoa.

A sra. Taibo Fernández (SM) pregunta se hai pensado facer algo no que queda de mandato con relación ás bases xerais e específicas do proceso de estabilización aprobadas o 2022-12-27 e publicadas no BOP o 2022-12-30 e no BOE o 2023-01-05, logo de efectuar unha crítica sobre delas relacionando diversos aspectos.

Contesta a presidenta, sra. Nogareda Marzoa; intervén tamén o sr. Portela Fernández (SM), producíndose un debate entre a sra. Nogareda e o sr. Portela.

A sra. Taibo Fernández (SM), logo dunha exposición crítica con respecto da xestión na Policía Local, rógalle á presidenta, sra. Nogareda Marzoa, que se lles dea traslado en tempo e forma de toda a información sobre o servizo da Policía solicitada dende o seu grupo municipal de Sadamaioría (SM), que tome as medidas oportunas para corrixir as condutas que describiu e minimice as consecuencias para todos os sadenses.

Contesta a presidenta, sra. Nogareda Marzoa.

O sr. García López (PP) pregunta (con respecto do proceso de estabilización) pola data da publicación dos criterios de orientación da FEGAMP para realizar as bases que se negociaron o pasado 17 de novembro.

Contestan á pregunta entre a presidenta, sra. Nogareda Marzoa, e o sr. Portela Fernández (SM).

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 57 minutos do día xoves 23 de febreiro do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado da alcaldesa María Nogareda Marzoa, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.